

**CORPOS, MURO,
DIGNIDADE. SOBRE
POÉTICAS CARCERÁRIAS
E EPISTEMOLOGIAS
MILITANTES** ISAAC LOURIDO

A consolidación do Estado penal provocou a creación de prácticas de resistencia renovadas. Mas do estudo dos movementos anti-represivos e anti-autoritarios pode-se concluir a existencia dumha auténtica epistemologia militante, fundamentada na acción e homologável a outro tipo de saberes? E dentro das accións geradas desde o cárcere: quem escribe poesía, quem a converte en discurso público, com que registros e com que repertorios?

I R

**ESKIZOTRIBO.
PRECÍSANSE
ANTROPÓLOGXS
PARA ENTREVISTA
EN PROFUNDIDADE
SEMIESTRUCTURADA**
PAULA TOMÉ ESPÍNEIRA

A tribo eskizo habitamos por aquí tamén. Só recentemente empezamos a comunicarnos, a saír do armario nalgúns casos, a facer públicas costumes, historias, gastronomía e tradición musical, entre outros rasgos de interese. Precísanse antropólogos con ou sen titulación para entrevista en profundidade semiestructurada. Pégase traer algunha pregunta da casa. Advertencia: Será un falso "ver desde fora"

S E

**A FORZA DE TRABALLO:
AS MANEIRAS DA
EXCLUSIÓN** LUCIA CASTRO

Atopámonos aquí nun marco. Deses de madeira que van sendo laboriosamente tallados. O traveseiro empeza marcando unha ruta, na que as figurías que se suceden resultan ter cada vez máis relevo. Afondan nos sucos da madeira grazas a unha precisión e habelencia no manexo do cicle que se foi adquirindo co tempo, a forza de traballar o material. Mais esa profundidade do marco vai facendo paseniñamente máis infranqueábel o espazo entre o que deixa fóra e o que fica dentro.

Este marco comezou a tallarse cando a Platón e a Aristóteles se lles deu por enmarcar nel -e así facer comprensible- esa *phýsis* da que tanto se falaba daquela entre os sabios. O *traballo* nunca máis deixou de ser un marco de comprensión no mundo occidental, até o mesmo capitalismo da actualidade. No traballo enmarcamos e enmárcanse as nosas vidas, que dificilmente escapan hoxe a ser concibidas como cuantificábeis forzas de traballo.

Pero canto máis fondo é o relevo, máis inhabitábel é o marco, máis ~~pobre~~ o que fai comprensible e máis alleo e excluído. Até non poder senón desmarcámonos...

(S) A S M E D

**POR SABER DA VERDADE
CO POEMA** ARTURO CASAS

O vello asunto da verdade e da veredición das artes miméticas?, nas artes miméticas? Non tanto. Algo menos. Só a propósito do obxecto poético —do curso lingüístico para cazarmos a besta—, como argadelo de debandar o mimetismo absolutizador en *streaming* e o pinganillo horario (*ora et labora*) que dita e desordena o mundo actuando aquí arreo, xusto no óso máis cativo do corpo humano, no estribo da ficción.

**DAR VOZ, O PASADO
É AÍND A POSIBLE**

BRAIS GONZALEZ ARRIBAS
No momento da máxima expresión das sociedades abertas do control, onde este interiorízase, asumíndose, pola contra, como o exercicio individual da liberdade, semella que para a filosofía é xa non unha tarefa senón un deber amosar as fendas posibles polas que ese poder totalizador pode ser descuberto e deslexitimado. Facendo uso da ontoloxía da diferenza, de herdanza heideggeriana, intentaremos amosar o posible acontecer dos pasados agochados e silentes, do deixado á marxe, do sometido e acalado, mostrando que tal é un paso previo necesario para a proxección dun futuro posible onde os "sen-parte" poidan, por fin, ter voz. Dende tal vagar pola historia dos vencidos, na cal o tempo concíbese como apertura e posibilidade, intentaremos ofrecer como conclusión unha noción alternativa de filosofía, onde esta se entenda como o traballo a partires do cal constrúese un "pensamento en común pensando no común", alén da lóxica do autor -e autoritaria- do individualismo consumista contemporáneo. Todo o cal permitirannos acadar, finalmente, unha confluencia posible entre filosofía, política e democracia.

A SENTIMENTAL ODYSSEY'
ILARIA MALLOZZI

"Unha odisea sentimental" conecta co moi debatido termo literario "sentimental" e o arquetipo de todas a viaxes, o segundo poema épico de Homero, *A Odisea*. De igual xeito que o protagonista de "Unha viaxe sentimental" Yorick, Ulises pode protexerse de todos os perigos grazas aos seus benevolentes encontros femininos, enganos e brincadeiras. Esta perspectiva permitiríame o cruzamento entre os aspectos ulisenianos de Yorick coa tradución de Ugo Foscolo, "*Viaggio sentimentale*" (1813), así como explorar os intereses de Foscolo na tradición literaria italiana (neste caso principalmente representada por Dante e Petrarca) desde o encadre sentimental de Petrarca ofrecido por Sterne.

**FRANKENSTEIN:
A CONSTRUCCIÓN DA
CLASE TRABALLADORA**
ÁLVARO OTERO

O devir mercadoría de creacións estéticas revela unha forma de dominación realizada baixo o paradigma da industria cultural, cuxa finalidade é a apropiación mercantil completa do individuo: a domesticación do seu desexo e a produción é masa de desexos imposibles de satisfacer, a reorientación da súa atención, a redefinición do seu corpo, a percepción de si mesmo e da realidade, a remodelación da súa linguaxe, a reestruturación da súa sensibilidade e da súa valoración.

U G

**A FABRICAÇÃO DE
'TERRORISMO' MÉDIA
E EXCEPCIONALIDADE**

XOAN & AARON
radicais que 'comem de bocadillos e menu do día', cérebros nas sombras... com etiquetas e 'provas' que rozam o rissível, a elaboración do mito do 'terrorismo galego' exemplifica a vergonha dum panorama mediático vendido sem reservas à 'razom de estado' e a simpleza dum discurso que unicamente visa legitimar a militarización da repressom política.

ESTÉTICA E EMANCIPACIÓN
CRISTINA GARCÍA PARGA

Usurpamos o concepto de reparto do sensíbel (Rancière) como condición material dun pensamento de resistencia, de emancipación e de abolición da intelectualidade. A estética é política, un modo de distribución de tempos e lugares, e a emancipación ten lugar participando nese reparto do sensíbel, como movemento resistente ao reparto excluínte dun tempo e dun espazo dado e inamovíbel.

ALMACIGA(S)

RÚA DE TOURO, 21, BAIXO
SANTIAGO DE COMPOSTELA